Polo tanto, a pensión que reciben chégalles para nove ou dez días. A Xunta de Galicia manda axudas para só 1.800 persoas, que fan cola no Centro Galego para recibir do noso Goberno o equivalente a tres mil pesetas. E logo está a selección dos vellos a quen se lles conceden. Cóntame Lores que agora mesmo se está a reforzar entre os representantes galegos nas institucións a figura do cacique. E que despois das visitas do señor Fraga a Sudamérica todo se está quedando en electoralismo político que xoga cos sentimentos e as penurias de tantos vellos. Vellos que non están en contra das axudas recibidas, pero si das esmolas. Queren vivir, ó final, con dignidade. Eles mantiveron acesa a chama da cultura de este país cando viviamos na noite máis mesta. Pagaron mestres e crearon máis de 300 escolas en Galicia. Lembro agora cando X. M. Beiras presentou unha iniciativa parlamentaria para se interesar polas condicións dos emigrantes que volven e os que quedan en América, e a resposta só foron palabras. ¡Como sempre! ¿E que só interesan os votos cada catro anos? ¿Non podería intervir a Organización Internacional do Traballo? A Historia pasaranos recibo.

que, en este país en el que durante cuarenta años cieron de buenos y de malos los mismos, ha sido ırle la vuelta a la tortilla y hemos caído en el ror, qué inmenso error, de convertir automáticaente a los buenos en malos y a los malos en bue›s. Y esó sí que no, ¿vés? Lo hermoso de las de-

ticos, iglesia, etc, etc, están encerrados en sus torres de marfil, pisando moquetas y apretando botones de satais, de espaldas a mi pueblo. Ese pueblo, miradle, que ha empezado a forjar sus sueños, a defender sus derechos, a hacer sus mil y una guerras, ay, por su cuenta.




# Mentira

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Hai pouco escribín, nestas páxinas, sobre as declaracións do escritor Cabrera Infante en TVE. Dixo que os ingleses aman, queren a guerra. E lembrei o libro «Las mentiras de la guerra» no que un dos autores, Viçens Fisas, acusa ós medios de comunicación —un escritor éo ó seu xeito— «de terse convertido en actores de primeira liña nunha guerra que, entre outras cousas, reavivou os aspectos máis sinistros da cultura armamentista». Volvo a Cabrera Infante e á súa afirmación e négoa. Non debemos confundir nunca ós pobos cos seus gobernantes.

Hai agora dez anos, unha muller galesa que tiña horror ós misiles e ás armas, organizou unha marcha de mulleres desde o País de Gales ata Greenham Common. Alá o Goberno apropiouse de terreos comunitarios para instalar unha base cos ianquis. As mulleres andaron dez días ata chegar á base; pero como non tivo eco nos xornais decidiron encadearse. Cada vez máis mulleres foron chegando ó campamento.

Os militares tomárono a broma. ¡Xa se cansarán, dicían! No ano 82 perante o anuncio da chegada de misiles a Greenham Common, 30 mil mulleres inglesas fixeron unha cadea humana arredor da base —20 kilómetros—, cortaron 10 kilómetros de enreixado, tentaron deter ós camións, pintaron algúns... Entraron na base, falaron cos militares. A actitude non violenta das mulleres sorprendeunos. Fixeron mesmo unha festa, para os nenos, dentro da base. Chegaron a «convencer» a algún militar que abandonou o lugar. Foron detidas; pero en Grenham Common botaran xa a sementeira dun movemento firme contra a violencia. En Gran Bretaña hai 100 campamentos de homes e mulleres establecidos onde hai bases militares. O de Grenham Common é só de mulleres porque querían intentar algo por elas mesmas. A súa filosofía: «A paz é outra maneira de vivir». Queren recupera–las terras comunitarias e que se vaian os militares. Mulleres e homes ingleses perseguen o desmantelamento dos valores que teñen relación coa avaricia e a dominación. A acción das mulleres de Greenham Common foi e é enriquecedora.

El PP presenta un recurso ante el

No hubo acertan de la máxima

café campestre de este año musical no hay color ni comparación posible).

El único consuelo consistía en que la autoría de aquella canción no era «made in Spain».

Pero hace diez veranos y como si nada. Quien no se enteró fue porque no quiso. De lo contrario, ¿cómo entender que «Los pajaritos» vendieran cientos de miles de discos?. Mi ex-profesor de Antropología diría que estas cosas sólo ocurren en la granja de Orwell, pero sin rebelión; amén de intervenir algunos pajarracos de la mercadotecnia. Y sin embargo, seguimos empeñados en que la inteligencia del ocio estival no vaya más allá de la tabla del dos. Quizá sea lo que nos merecemos.

*Galicia e ás súas cousas. Monforte, berce do Co, foi tamén residencia en días de maturidade, cando precuraba a soedade do seu retiro. Desde a fortaleza que outea o chao, acariñou moitas veces a paisaxe, coa ollada atristurada dos seus anos postreiros. No alto do castelo soñaba en defender os dereitos do país natal. Abaixo, o decorrer vagacento do río facía de fondo ás súas ensoñacións.*

*Foi nesta encumiada soedade monfortina, onde trazou pouco antes do seu pasamento, a fábula do «Buho gallego». Hai abondo de alegato autobiográfico na celmosa trama da fábula. Hai, asimesmo, humor, con puxos de retórica, no xogo da súa defensa. Sabido é que o de Lemos loitou con enerxía polo voto de Galicia en Cortes. Durante a súa vida e a de Felipe III, a loita resultou estéril. Nembargante, o Conde non entendía de resignacións cando de lexítimos intereses do seu país se trataba.*

*Finxiu así a historia do moucho, facendo Cortes*

# Viaxe ao Cairo

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Nunha recente viaxe que fixen a Exipto, pasei no Cairo dúas datas importantes: o día da súa revolución —23 de xullo— e mailo Día da Patria Galega.

Celebrando con eles o aniversario da revolución de Naser, no ano 52, puiden comproba–lo seu sentimenteo forte de pertencer á nación árabe e, en xeral, as grandes diferencias entre o pobo e o actual goberno, postas de manifesto durante a guerra do Golfo Pérsico.

Fronte a actitude adoptada polo goberno de Hosni Mubarak, o pobo e a maioría dos partidos políticos, amosaron unha forte postura crítica. Houbo numerosas manifestacións en contra da guerra que remataron sendo prohibidas, pechouse a Universidade ante o carácter belixerante de universitarios e profesores. Dous xornais — «O pobo» do Partido Obreiro Socialista e «Cidadáns» da Unión Progresista— asumiron o papel de críticos implacables perante o imperialismo ianqui e o apoio recibido nalgúns países árabes.

O gran divorcio entre o pobo e o seu presidente manifestano os exipcios con moito sentido do humor: a Hosni Mubarak — a quen chaman ET ou «La vache que ri» porque din «xamais se entera de nada»— sempre o enfrontan ca figura grandiosa de Naser que fixo tra–la revolución, a reforma agraria, nacionalizou o canal de Suez, botou ós ingleses e a familia real, construiu a alta presa de Asuan, impuxo o ensino obrigatorio e estableceu as canles da Seguridade Social.

E sobre todo fixolles sentir orgullo da súa identidade e transmitiulles fachenda e dignidade.

En esta épo
en que nos ha t
chas saludable
han perdido
punto de hacer
meras, figura
dros mágicos»
rioso de amul
siglos gobernó
na de hombre
tegió Estados
ria en sangrien
Tradicional
drado evoca,
trictos, el sec
oculto. El «cu
es un medio d
zar un poder,
la representac
nombre o de l
posee natural

irse, en
esde la
istoria,
ónico y
e fue al

de las

ora lle-
la tie-

*ustea por su cuerpo, habitación y ciudad cuanta pulga, piojo, garrapata o ladilla existan... ¿Claro?*

*—Sí, sí, continúe, continúe...*

*—Amontonada la bichería en un sobre se coloca éste en la plancha de un yunque, se le arrean martillazos hasta que la atmósfera huela a untos, ¡y asunto concluido!*

*—¡Jo! ¿Asunto concluido...?*

*—Bueno, puede suceder que alguna garrapata o ladilla sobreviva a los martillazos, al soplete... A Rasputín hubo que matarlo 17 veces. Pero esto ocurre en las mejores familias...*

rada ni de las venganzas. El primer deber de la izquierda hoy es reconocer el triunfo de los principios liberales y del capitalismo democrático. Con toda la injusticia que deba ser superada en las sociedades regidas por esos principios, han sido estas las que han producido el progreso y la libertad. Habrá que recordarlo durante mucho tiempo. Especialmente cuando hablen algunos líderes comunistas y de la izquierda.

or EDUARDO GALÁN

or primera vez una de batallas campales s cosas, ejecutadas r y Hardy. Después trucción absoluta de y un par de coches el clubista se sintió en la n de explicar que tablón caía sobre el lo del Gordo este no daño porque llevaba illa de hierro en su za-

vio semejante, dicen lujo una explicación Arnett a sus telespecespués de un tiroteo monios. Aunque he- caer a estos del priuino, sólo hubo un quel de allá al fondo.

# Exipto: Na procura doutro Naser

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Son moitos os problemas de Exipto: desde o 80 encareceuse a vida nun 700%, hai máis paro ca nunca, seguen empeñados pola débeda externa, a maior partida de divisas ingrésana pola man de obra dos emigrantes, o soldo mínimo está nos 100 dólares... Os sindicatos corporativos case non funcionan. Nas escolas privadas estudian en árabe só Sociais. Nas públicas en árabe e inglés a partir dos doce anos e en árabe, inglés e francés despois dos quince. Hai tan poucos edificios para as escolas estatais que houbo que establecer tres turnos: de 7 a 11, de 11 a 15 e de 15 a 19. Só as escolas privadas teñen comedores. Hai trece universidades, cinco no Cairo, con 60 mil estudiantes dos que máis do 45% son mulleres, que nunha porcentaxe, altísima, despois de remata-los estudios, van ó paro. No Parlamento hai 30 escanos para mulleres e unha —Amal Osmán— é ministra de Asuntos Sociais. Como en España o aborto está permitido nos mesmos supostos. Arestora, nas cinco canles estatais de TV, efectúase unha campaña de control da natalidade; porque o habitual, é, que no campo as parellas teñan cinco fillos e na cidade dous. E temos que lembrar que O Cairo ten unha población de catorce millóns polas noites e dezaseis durante o día.

Exipto, que é un país fermosísimo, hospitalario, alegre, cun enorme tesouro para os amantes da Arte e a beleza, vive reclamando cambios e xusticia, como ben relatou Yúsuf Idrís —recentemente falecido— que nunca traicionou a Naser e que Anuar el Sadat encarcerou, poco antes de que fora asasinado.

*a las elecciones...*
*o, no, las ganó la derecha.*
*Cómo..., cómo dice usted?*
*Que las ganó el Partido Popular, que es la política que representa a la derecha.*
*h, y dejaron gobernar a la izquierda en uno extraños pactos postelectorales.*
*o, verá usted, el señor Fraga era precisa- el candidato del PP a la presidencia.*

*—Sí, sí, perfectamente...*
*—Dígame: ¿cómo se puede invertir en su increíble y fascinante país...?*
*Es todo mágico, ya te digo, esperpéntico, como si en vez de estar escribiendo un pedacito de historia para nuestros hijos le estuviésemos escribiendo un guión a Steven Spielberg. Ahora viene la escena increíble en que Cuiña se carga el PGOU de Vigo y, ea, ea, ea, la derecha constructora se cabrea...*



# Ó tuntún

Por TAREIXA NAVAZA

O dito «Deus dá pan a quen non ten dentes» téñoo aplicado, desde hai anos, a moitos turistas. Explicareime; nunha porcentaxe bastante alta hai persoas que viaxan sen saber a onde van, que se van atopar... Acoden a unha axencia de viaxes e piden ir ó lugar de moda, ou a un país con bo clima e grandes praias e ó tempo onde se poidan facer moitas compras e relear. Aterran no país elixido pola axencia e comeza o tempo de lecer ás cegas.

Sería inxenuo pola miña parte pedir que a maioría dos turistas emularan a «Jasón e os argonautas» —na época en que os homes falaban cos Deuses—, a Alexandre Magno —que lle pasaba a Aristóteles as informacións sobre fauna e flora dos países que atravesaba—, ó Pobo de Deus elixido —que fai «unha viaxe colectiva» desde Exipto ata a Terra Prometida relatada nos Libros Sagrados— ou a Marco Polo, Henrique o Navegante, Lawrence de Arabia, Livinsgtone, e ó mesmo George Borrow, «Jorgito el inglés», que recorreu España vendendo biblias. Así e todo é lamentable a falta de sensibilidade, coñecemento e respeto de moitos viaxeiros perante unha cultura, tradición, xeografía e historia diferentes á propia. Escoiteille a unha parella dicir en México, na península de Yucatán, «pero qué hacemos aquí si sólo hay piedras viejas. Tendríamos que haber ido a N. York».

Estarán comigo que eran máis sensibles e respetuosos Gulliver, Corto Maltés, Peter Pan, Alicia, o Capitán Trueno, Don Quixote e Sancho. Hoxe moitos turistas non fan o mínimo esforzo por comprender un mundo diferente ó seu. Mágoa dos que recorren o mundo e non se enteiran de nada, dos que van ás toas, dos que non teñen ningún parecido nin con Cunqueiro, Otero Pedraio, Castroviejo, nin co Papa Calixto II, nin cos mesmos astronautas Armstrong e Gagarin. Realmente non deberían saír da casa. E xa notarían que na relación de viaxeiros que deixaron en nós a súa pegada non están nin Xoán Pablo II nin don Manuel Fraga.

o si juese talmente un mesías prometido. Lo
pasa es que, los mesías, en cuanto resucitan se
con el padre celestial o con Felipe, que para
lfo viene siendo como un padre últimamente, y
n a sus discípulos acohonaditos, oye, sin saber
hacer para seguir la última recomendación del
stro: ¡Creced y multiplicaos! Hombre, franca-
te, si para que crezca y se multiplique el CDS
que confiar en la infinita bondad de Raúl Mo-

cendencia, y va a ser imposible colar ante la opinión pública española el viejo grito de las monarquías absolutas: ¡El rey ha muerto; viva el rey! Sólo es verdad que ha muerto, se ha desvanecido el rey de la reforma política española con derecho a unas páginas de nuestra historia, pero no es verdad que haya otro rey, un Morodo, un Calvo Ortega, pobrecitos míos, legitimados para sustituirle. Después de Adolfo, el caos...



# Misterios gozosos

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Paréceme un acerto que o Ministerio de Cultura, no seu catálogo de libros á venda de 1990, clasificara o erotismo na materia Filosofía. ¡Eros como motor de vida! Platón distinguía entre o Eros superior e o Eros inferior, entre o Deus que conduce ó amor divino e aquel sen o que se extinguiría a raza humana. A miúdo erotismo tradúcese como exaltación do amor físico. Non hai dúbida de que a través do erotismo nos comunicamos mellor. Na antigüidade o erotismo inspirou un dos máis fermosos poemas do mundo: «O cantar dos cantares» atribuído o rei Salomón. Non podemos esquecer os Kama–Sutra hindús, nin a autores como Ovidio, Petronio, Bocaccio e obras coma «As mil e unha noites» ou «A Celestina».

Tamén é certo que ó falar de erotismo xorden voces que o identifican sempre coa pornografía. ¿Cál é a división entre ámbolos dous? Para moitos especialistas, só é un débil fío. Para Federico Fellini, a pornografía é inmoral porque se fai sen amor, sen paixón, págase ó kilo. O libro que acabo de ler, «Misterios gozosos», do escritor–xornalista X. A. Perozo, está feito con amor, paixón e humor. Non hai coma o humor para arredar pantasmas. Escribiu Cristina Peri Rossi que as fantasías eróticas pertencen «á esfera do máis íntimo e que só os artistas son capaces de sacalas á luz». Perozo conseguíuno con cinco relatos, con cinco misterios gozosos, con cinco historias lúdicas que falan dun tempo e duns comportamentos de «certos relixiosos» que predicaban un tipo de trigo e comían dun pan distinto.

Perozo, mestre da palabra, emprega un léxico rico, amplo, non procaz. O libro é excitante —diso se trata ¿non si?— e o seu autor ó que admiro e estimo está cheo de curiosidade intelectual que o fai manterse novo e ilusionado, condicións tan necesarias, agora, en Galicia. Na TVG, Perozo foi ó longo de tres anos director da área de cultura. Hoxe está censurado ou prohibido, como vostedes prefiran. Non deixa de ser un misterio, aínda que non gozoso.

# Pobreza e metralletas en Haití

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Ó contemplar no Auditorio, en Compostela, o ballet Bacoulou de Haití, pensei nos feitos recentes no país máis pobre do hemisferio occidental. Os haitianos viven un promedio de pouco máis de 30 anos. A relación pacientes/médico é de 5.940 en Haití e de 722 en Cuba, país este onde a renda por persoa é cinco veces superior á dos haitianos. De cada dez destes, nove non saben ler nin escribir. En Haití, as mellores terras dedícanse ó café, azucre, cacao e outros productos que require o mercado norteamericano. Galeano escribe na «Veas abertas de Latinoamérica» que ninguén xoga ó béisbol en Haití; pero este país é o principal productor mundial de pelotas de béisbol. O menor asomo de protesta implica a cadea ou a morte. Os Duvalier e demais dictadores cumpren o mesmo obxectivo: «proporcionar brazos baratos a un mercado internacional que esixe productos baratos». E ben baratos son os servicios dos haitianos en Santo Domingo que en 1965 sufriu a invasión de 40 mil marines que deixaron catro mil mortos pero salvagardaron os intereses da «National Sugar Refining Co.». Lyndon Johnson respirou tranquilo. Mataran o xermolo doutra Cuba. En setembro do 90, o reverendo Aristide, coñecido como «o profeta dos pobres», seguidor da Teoloxía da Liberación, chega ó Poder co 80% dos votos. O soño de Aristide e a esperanza de cinco millóns e medio de famentos haitianos durou, só, oito meses. A Xunta militar liderada por Cedras impuxo a golpe de metralleta o máis absoluto silencio tra–lo golpe de Estado. Unha semana antes Aristide perante a Asamblea das Nacións Unidas botara un discurso anti–occidental e anti–imperialista. Despois do golpe, o Consello de seguridade da ONU suspendeu unha reunión sobre Haití para «non interferir nos seus asuntos». Para moitos a sorte da xente oprimida no mundo non depende desa organización. Lembrémo–lo noxento asunto de Irak. Haití non ten petróleo. ¡Só man de obra barata!

# De la calma al pasotismo

Por VICENTE G. RADIO

Ya dirán qué se puede hacer. Estamos impávidos ante el conflicto kurdo–iraquí, perplejos ante la salida pacífica en Yugoslavia, a la expectativa de lo que ocurre en Cuba después del congreso del Partido Comunista, dubitativos a los procesos de las repúblicas del Báltico y a las nuevas situaciones que se produzcan en Rumanía. Nunca la «aldea global» nos fue tan próxima.

En España las cosas se han ido

*Los escritores de hoy difícilmente pu… para quién escriben. No sólo porque el … demasiado multicolor, sino porque es … definir dónde comienza una editorial y … mina la otra y qué ideologías las resp… cuerdo que cuando empecé a publicar … de cuarenta años, las editoriales teni… muy acusados que las identificaban y … propio que las favorecían.*

*Los editores más legendarios de mi t… ron algunos editores norteamericanos. … field y Bennet Cerf, por ejemplo (solían … con otros temibles ingenios neoyorkinos*

sopiaba de Lugo, naturalmente, y siempre vocan las cejas de Cacharro en movimiento; rea, en cambio, son flujos y reflujos provoca- or la siniestra atracción de esa masa política, iamente orensana, a la que llamábamos istas de Galicia.

úntese usted un ocho, señor Fraga!, repito. ıía un servidor ganas de poder subirle alguna nota, para que luego no se diga. Por una vez, i sirva de precedente, el presidente de todos

versos de corazón, tontos útiles y tontos inútiles, si ha descubierto eso, ya digo, en el currículum vitae de Tomás Perez Vidal, por el que repicaban ayer los teletipos, es que aún queda un poco de esperanza en este país sumido en el discreto desencanto del «fraguismo». ¡Apúntese usted un ocho, señor Fraga! El diez se lo reservo para cuando tenga la suficiente humildad para reconocer que este país necesita que haga usted una «idiotez», o sea, una crisis. Pero, como Dios manda, ¿eh?



# Túpac Amaru

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

O «Día da Hispanidade» puidemos ver en Antena 3 TV a película peruano–cubana «Túpac Amaru». Coido —sen ter en conta os seus valores cinematográficos— que debería ser de obrigada proxección en escolas, universidades e centros de poder, agora, que tanto se nos enche a boca coa celebración do V Centenario. Túpac Amaru, mestizo, descendente dos emperadores incas, encabezou a máis grande revolución social e política que mobilizou ás masas indíxenas do Perú, masas que eran, no século XVIII, o combustible do sistema productivo colonial.

Ás minas de Potosí foron levados centos de indios escultores, arquitectos, enxeñeiros e astrónomos para realizar un estéril e esgotador traballo de extracción. Á fronte da máis numerosa sublevación indíxena para tentar de recupera–la dignidade estivo Túpac Amaru.

Foi chamado o «pai de tódolos pobres, miserables e desvalidos»; pero foi traicionado por un dos seus xefes. Na praza principal de Cuzco foi executado xunto á súa familia e compañeiros de loita. Nesa mesma praza, no ano 1975, creouse a Organización Revolucionaria Túpac Amaru.

Houbo que agardar case dous séculos —1968— para que o xeneral nacionalista Velasco Alvarado recollera e aplicara aquela frase do libertador «¡Campesiño! ¡O patrón xa non comerá máis a túa pobreza!». Cando o xeneral morreu en 1977 xa se celebraran os funerais da revolución afogada pola chantaxe dos prestamistas e os mercaderes. Hoxe Perú ocupa o primeiro lugar do mundo por detencións e desaparicións. En once anos de «guerra sucia» producironse máis de 20.000 mortos, os nenos están expostos á fame, á explotación e á morte, aparece o cólera devastador, case o 50% do territorio atópase en estado de emerxencia e Mario Vargas Llosa preside en París un tribunal para pedir democracia e liberdade para Cuba. ¡Don Mario, vostede vale un Perú!

*...as, frívolas e inexplicables situaciones.*
*Bueno, eso, y el irresistible influjo que ejerce so-*
*la señora Fraga, cuyo corazón conquistó el*
*a después» del bombazo, en Perbes, cuando una*
*gada de trabajadores de la fábrica de los Cuiña*
*bejó el horizonte de La Dorna, la casa de te de*
*na de agosto del viejo león de Villalba, ay, su-*
*a en la penumbra y en la ruina. Esa anécdota*
*a he contado de muchas formas en estas pági-*

*mero nos metió a Albor con calzador; después se ganó a pulso, a cerrazón mental, la entrada triunfal de Laxe en Raxoi; y, ahora, después de su reinado, es capaz de dejarnos en manos de Cuiña, que puede ser, a escala gallega, una catástrofe parecida a la que puede sufrir España si Felipe cae en la tentación de nombrar herdero universal a Narcís Serra. Que sepais, eso, que Cuiña tiene un plan: ¡el Señor nos coja confesados!.*



# Un artesán da palabra

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Un xurado composto, entre outros, por Fernández del Riego, Basilio Losada e Marina Mayoral, concedeulle o premio «Alvaro Cunqueiro» de narrativa a Xesús Rábade Paredes, «solitario e francotirador», que así se define o autor. Rábade, profesor, ensaísta, articulista, narrador, poeta, contador de historias, un clásico segundo Alonso Montero —no senso de ser lido e estudiado en clase— que aplica rigor lingüístico e dignidade idiomática; un escritor que fai do idioma e da palabra a casa do ser como dixo Heidegger, inda que iso sexa chantar pancartas no mar —Celso Emilio Ferreiro—. Un home discreto, afastado de capelas.

Rábade está na tarefa de denuncia–los problemas que afectan á lingua galega; por iso acaba de publicar «Recuperar a voz», conxunto de vintecatro artigos que xiran arredor da situación do noso idioma. E porque Xesús non é cómplice de silencios nin está alleado, non fala coa voz do amo nin consente que o inimigo, a incompetencia e o latrocinio se introduzca dentro da propia casa. Se é case un milagre que siga en pé un país que acolleu no seu seo a tanto xerme destructor, a tanto boi capado, a tanto ser brután e preso da ignorancia, a tantísimo anano incivil e antigalego, Rábade é unha inxección permanente de esperanza e utopía posibles para os que, coma el, seguimos a soñar un país libre por termos fe en Galicia. Rábade segue a liña marcada polas irmandades, o Grupo Nós, o Partido Galeguista..., de instalar entre os galegos a conciencia do noso, de pelexar coa palabra para que este pobo deixe de ser unha cousa sumisa e medio morta. Rábade endexamáis se calará ante a aldraxe, conscentemente programada, analfabeta e despreciable dirixida contra a lingua, que ten brillo universal, desde o Rei Sabio e Mendiño a Rosalía e outros. Admirado Xesús, non deixes de ser rebelde, axitador constante, permanente revulsivo para as conciencias romas e adormentadas. Ti e máis Helena xa garantistes a pervivencia da lingua nos vosos fillos María e Alberto. Agora quédanos o traballo, a ilusión e a resistencia. Resistir fronte á mediocridade.

*;, como desde siglos, y decir que chove cuando ɜalidad otra vez habrán **mexado por nós**. Pero, Ɛerardo Estévez no ha podido resistir la tenta- de firmar, con luz y taquígrafos, un bando ioso que, en realidad, sólo es una letra al por- ɪr con vencimiento a final de siglo.*

*ampoco es una arenga como aquélla a la que habían acostumbrado los heroicos alcaldes de :toles, sino otra ofrenda al «becerro de oro», ıuevo ídolo nacional que, en vez de hacer que **orbe de Felipe**, naturalmente, que no sé yo si no se- rán demasiados sellos, pero va a ser muy difícil que los compostelanos los vean así, en vivo, como ha sido casi imposible contemplar en directo a las le- gendarias meigas de Cunqueiro.*

*Lo que pasa es que, leyendo el bando, da la sen- sación de que el milagro de Estévez se va a multi- plicar en cien mil pequeños milagros, uno por habi- tante, de medio kilo por barba. Y no. Sólo es un bando, ay, para mayor gloria electoral del alcalde.*




# Cita coa dignidade no Grove

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Cando parece que xa nada pode sorprendernos a vida depáranos desagradables sensacións. Estamos a vivir tempos de deservións, de quebras éticas, de conversións apresuradas e reconversións vergoñentas —palabras de Basilio Losada—, tempos de acomodos sucios moi buscados e ata traicións ben pagadas —opinión de Marcial Suárez—, pero como deixou dito Xosé Martí «no mundo ha de haber certa cantidade de decoro, como ha de haber certa cantidade de luz. Cando hai moitos homes sen decoro, hai sempre outros que teñen, en si, o decoro de moitos homes». Ese decoro presidiu a vida e a obra de Manuel Lueiro Rey durante máis de 70 anos. Lueiro arelaba a liberdade dos homes e tivo como leva «a vida é un carreiro duro que hai que camiñar coa fronte ergueita». Lueiro, que endexamais perdeu a estima de seu, puxo os seus valores, a súa capacidade literaria e sobre todo a súa existencia ó servicio do colectivo humano, do pobo, das clases explotadas. Xosé Manuel Beiras definiuno o pasado día vintecinco, no Grove, como un home de integridade absoluta, coraxe profunda, sosegado, absolutamente irreductible e autenticamente leal. Ese día, no Encontro con Lueiro, para o que Laxeiro fixo un fermoso debuxo, xuntámonos moitos amigos chegados da Arxentina, París, Madrid e tódolos puntos de Galicia. Intelectuais, políticos, xornalistas e amigos que salientaron ó home bondadoso e fiel, ó escritor que tiña como lema «o home non é instrumento para o home». Como ben dixo Alonso Montero, foi un escritor moi incómodo antes, e sobre todo, despois de Franco. A crítica maltratouno poñendo ó seu redor un muro de silencio; pero non o conseguiron. Lueiro plantou a semente para que Galicia esperte dunha vez e fuxa das unllas dos raposos de sempre. Como nos lembrou Arturo Cuadrado, Lueiro é unha bandeira que non se virá abaixo facilmente. Lueiro, como diría Gala, morreu vivo; porque nunca se entregou de xeito cobarde nin foi un oportunista preocupado polo peto e polo poder. Gracias Manolo polo teu exemplo, polo teu compromiso e pola túa intransixencia.

*a marquesa!, y ni pestañeaban cuando res-*
*:a una vocecita procedente de los salones no-*
*¡Pobrecitos, que pasen a la cocina! Ahora, en*
*io, a los «nuevos aristócratas» que hemos fa-*
*do con cargo a la democracia se les va a dis-*
*ir por el síntoma externo de los asistentes.*
*, si en Bruselas ya hace tiempo que los euro-*
*ados tienen asistentes, chicos con la carrera*

*conocerá un servidor a sus señorías:.*

*Mira, por lo menos, con los asistentes se puede crear una cantera de futuros parlamentarios españoles. Aprendices de señorías que, en el siglo XXI, habrán aprendido lo que algunos no han sido capaces de llegar a aprender en el siglo XX: qué botón hay que pulsar para votar sí, cuál para votar no y cuál para votar todo lo contrario.*

# Ignorancia, amnesia ou mala fe

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ



TVE–G tratou no seu magazine «Día a día» o tema da educación non sexista. Trátase de non facer unha utilización machista da linguaxe, de lograr unha caracterización positiva da personaxe feminina, solidariedade entre as mulleres, visión positiva da afectividade e a sensibilidade masculina e feminina, autonomía e profesionalidade das mulleres, destrucción dos tópicos... e mesmo que o espacio da lingua galega sexa máis amplo có restrinxido á propia asignatura. Pois ben, o que era unha gratificante idea quedou a medio camiño na TVE–G por unha mala xestión dos responsables do programa. Invitaron a tres representantes de Alba —Asociación de Mulleres Progresistas, o mesmo día que eran noticia pola súa campaña a prol da detección do cancro de mama. Para TVE–G, as integrantes de Alba son as máis activas e as únicas que existen. Serven o mesmo para un roto que para un descosido. Falaron en castelán e os libros que se amosaron estaban todos publicados en castelán. Fóra destas mulleres parece non haber máis nada. ¡E si o hai! O Ministerio da Educación concedeu o Premio Emilia Pardo Bazán sobre educación non sexista á colección Canles de Xerais do que son autores o colectivo Xiz. O Instituto da Muller invitou a Aurora Marco a presentar o seu traballo que consiste en «detecta–los estereotipos sexistas nos diccionarios escolares galegos». A secretaría da muller do STEG ten un feixe de traballos sobre a coeducación. Suso Jarés de Nova Escola Galega ten traballado abondo sobre a sexualidade na escola. «A festa da palabra silenciada», publicación de mulleres dedicou o seu número cinco a educación non sexista. Os Movementos de Renovación Pedagóxica de Galicia actúan intensamente a prol da coeducación. Hai escritoras que traballan arreo o tema, sen esquece–lo feito polo Movemento Feminista. Non está mal que TVE–G preste atención ó tema, pero demostra ignorancia, amnesia ou mala fe cando fai a selección de invitados. Fronte á ignorancia propoño lectura, fronte á amnesia a inxestión de rabos de pasas ou vasos dilatadores, e fronte á mala fe, cambio.

*lespués, me atrevo a hacer repicar las campanas :on la osadía con que lo está haciendo la Moncloa. Ѕn Flandes se ha puesto una pica, de acuerdo, y ıay que quitarse el sombrero ante esa extraña cuaidad del presidente González para poner los punos, los puntos filipinos, si se me permite el chiste renta per cápita: cohesión social.*

*Mira por dónde, el presidente González se ha puesto a jugar con un arma de doble filo. Ya nadie podrá entender, a partir de ahora, que Europa se pueda construir a base de cohesión social y España a base de desigualdades autonómicas.*

# A agonía dun pobo

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

O goberno salvadoreño e unha comisión do Congreso dos EE UU están a manter un «tirapuxa» sobre a matanza dos seis xesuítas españois e dúas mulleres en 1989. Os norteamericanos acusan ó ministro de Defensa, xeneral René Ponce, e a outros mandos militares do asasinato. O ministro négao. A Facultade de Psicoloxía de Santiago acaba de organizar unha mesa redonda coma homenaxe a un dos xesuítas asasinados, Ignacio Martín–Baró, vicepresidente da Sociedade Interamericana de Psicoloxía e vicerrector da Universidade Centroamericana. Vénme á mente a conversa mentida con Miguel Anxo García, presidente do Colexio de Psicólogos de Galicia, despois da súa viaxe a Costa Rica para participar no Congreso Interamericano de Psicoloxía. Congreso dedicado á vida e á obra de Martín–Baró, psicólogo social de moita influencia, comprometido cos deprimidos, co cambio, coa Teoloxía da Liberación. Foi autor da compilación, prólogo e varios traballos de «Psicoloxía social da guerra» e de «Psicoloxía social». Baró di que a sociedade salvadoreña está nunha situación traumática permanente. Escribe sobre a tensión e a incomunicación da sociedade e preocúpase polos psicólogos desaparecidos, só, por face–lo seu traballo. A represión no Salvador ten unha longa historia. En 1932 son masacrados máis de 30.000 campesiños e indíxenas. Era presidente Hernández Martínez, para quen «é un crime máis grande matar unha formiga cá un home». A represión alcanzou en 1980 unha intensidade sen precedentes, que supuxo o xenocidio de máis de 6.000 persoas. Os salvadoreños morren polo seu dereito a vivir. As liberdades e a linguaxe dos salvadoreños envásanas en EE UU, país que en 1981 enviou 91 millóns de dólares á Xunta e ó exército salvadoreño; axuda que favorece a persecución de campesiños, sindicalistas, sacerdotes e segrares. Monseñor Romero pagou coa súa vida, o valor e a tenrura coa que serviu ó seu pobo. Igual ca M. Baró. O seu compromiso levounos á morte. Cando ía ser asasinado, Baró berrou ós soldados «Isto é unha inxustiza. Son vostedes carroña».

*a es que mucho pedir cabezas, la de Juan Ferdez, la de Piñeiro Permuy, la de Dositeo en nto salga la lista de bajas de las oposiciones, la Romay cuando empiecen a crecer las listas de ra en Sanidad, si es que eso es posible, claro, ho piar, ya digo, por una crisis profunda de gono, pero no se enteran de que quienes tendrían entrar en crisis son ellos, caray, cambiar de*

*«se pasa guay, periodista: se pulsa un botón y suena la voz de una secretaria». Yo, cuando sea mayor, ya le he dicho a Pérez Varela que quiero ser Cuiña, ese señor que ante la opinión pública está construyendo el año triunfal de Fraga sobre kilómetros de autovías invisibles, pero que, en la práctica, esta asegurando la victoria a base de kilómetros de corredoiras portadoras de votos eternos.*



# Os novos fillos de Castelao

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Acaba de dicilo Cuiña: «O espírito galegista do PP sería aceptado por Risco, Castelao ou Rosalía de Castro». Volveu retoma–las súas declaracións de abril do 91: «Somos tan galeguistas como los que más». Aniceto Núñez botáballe unha man ó declarar: «Los señores del PP son los nuevos hijos de Castelao. Tras la asunción del nacionalismo, el Bloque tendrá que pedir el ingreso en el PP». Releo «Sempre en Galiza» de Castelao. Galiza —dicía o político rianxeiro— «é unha nación soberán e ten dereito a federarse con outras e a separarse cando lle conviñer. Unha nacionalidade ten dereito a constituirse en Estado independente». Cando Castelao e os seus compañeiros galeguistas presentan o Anteproxecto de Estatuto publican un traballo de Bóveda no que se estudiaba, con cifras oficiais, o aspecto económico–fiscal da proposta galeguista, para demostrarmos que nin comprometía os intereses galegos nin perxudicaba os intereses dos demais pobos de España. «A intransixencia —dicía Castelao— con sernos antipática é un deber de todo nacionalista galego, nacionalistas que «saímos do rexionalismo» por consideralo impreciso e, por ende, favorable a toda caste de embrullos i estravíos». O partido galeguista abogou polo federalismo internacional, o antiimperialismo e o pacifismo; coincidencia feliz entre o movemento autonomista galego e o pensamento socialista internacional. Lembro, agora, un acto a prol da autodeterminación organizado polo BNG —¡por certo aínda non solicitaron o ingreso no PP!— no que Gustavo Docampo dixo: «Os pobos, por moi embalsamados que estean, nos cemiterios estatais, poden resucitar»; Pilar García Negro pediu: «Fagamos a nosa propia fotografia porque somos unha foto velada»; e X.M. Beiras: «Os deputados populares son uns lacaios que non se autodeterminarán en defensa do sector leiteiro nin de ningún outro; son esquiroles que lle están a chucha–lo sangue ó pobo, ó País». Lembren, deputados do PP, que para Castelao a Autodeterminación era un dereito inexcusable.



ANUNCIOS POR PALABRAS

*› yo qué sé y por otra qué quieres que te diga. ɔ único que te digo es que no quiero para mi lo un Rey guardado entre algodones, secues-› en su torre de marfil de la Zarzuela, como si z de ser un monarca del pueblo, por el pueblo y el pueblo, fuese talmente un icono suspendido bóveda de una catedral sociológica a la que bríamos cómo llamar, la verdad, democracia. ɔmbre, sí, la foto puede herir la sensibilidad de*

*desde hace siglos en los zulos de nuestra historia, sino un ciudadano corriente, de cuyo nombre no ha querido acordarse nadie, que se deslizaba por las pistas de Baqueira con la misma inseguridad, de acuerdo, pero la misma placidez con que nos deslizamos los españoles por las pistas de nuestra historia desde hace apenas dieciséis años.*

*Bendito sea un país donde, por fin, podemos escribir estas crónicas de un Rey imprudente.*




# A verdade é aceda

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Asistimos, estes días, ás denuncias do PP ó PSOE sinalando que nunca houbo en España tanta corrupción desde a Restauración e que Felipe González ten alerxia á liberdade. ¡Qué desmemoria tan perigosa e canto infantilismo! O mestre Haro Tecglen lémbralles ós políticos do PP as épocas do enchufismo, estraperlo, das mortes, do silencio imposto ós cidadáns coa ameaza da cadea. Fraga fixo listas negras con desterros e despidos. Esquecen os populares cando no 71 a censura española suspendeu a edición da revista «Triunfo», ou cando no 63, cento dous intelectuais deron a coñecer, unha carta, contra a tortura á que Fraga contestou no xornal «El Español» dicindo: «Ditos intelectuais son utilizados ó servicio dunha campaña política, voluntaria ou involuntariamente, con desprezo do prestixio profesional». O mesmo señor Fraga xustifica no ano 69 o estado de excepción decretado por Franco para «loitar contra as accións minoritarias sistematicamente dirixidas a altera–la paz española». Sen saírmos de Galicia, temos que lembrar as acusacións de Ceferino Díaz, PSOE, ó PP, de «facer favores con fondos públicos como se fosen particulares». Beiras, BNG, considera que «o PP fai política antigalega e acúsao de emprega–lo fondo das FAVAS (Fondo para adquisición de vontades e actitudes serviles)». E toda a oposición afirma que están deteriorando a función do Parlamento. Algo lóxico, cando un se rodea de persoas máis dóciles e serviles ca competentes. E que dicir da situación da Universidade ou do que está a acontecer en Ferrolterra, onde 150.000 persoas están xa cansas dunha loita que se converte en cabreo permanente, mentres Xoan Fernández, case culpa ós traballadores da súa precaria situación, e non esquezamos que o subdirector da súa consellería necesita dun intérprete para contestar ós xornalistas. Luis Alvarez Pousa escribía que o señor Fraga, a través de Sixto Seco está a utiliza–la persoa de Ramón Piñeiro para enche–las súas necesidades de autoctonía. Hai que recoñecer que a verdade é aceda e amarga; pero amais da memoria estamos a perde–las maneiras.